

MATERIA
Dereito Penal (Parte Xeral)

TITULACIÓN
Grao en Dereito

unidade
didáctica
21

A medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada

Natalia Pérez Rivas

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN

978-84-17595-90-6

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595906>

MATERIA: Dereito Penal, Parte Xeral

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

INTRODUCCIÓN

1. Concepto de Dereito penal

- I. Concepto e caracteres do Dereito penal.
- II. Natureza.
- III. Relacións do Dereito penal: A) Coas ciencias xurídicas, B) Coas ciencias criminolóxicas, C) As chamadas ciencias auxiliares do Dereito penal.

2. As fontes do Dereito penal

- I. A lei.
- II. O principio de legalidade.
- III. Posibilidade de admitir outras fontes.
- IV. A interpretación da lei penal: A) Clases e regras de interpretación. B) A analogía. C) Concurso aparente de normas penais.

3. A lei penal no tempo

- I. Eficacia temporal das leis penais.
- II O principio xeral: irretroactividade da lei penal.
- III. A excepción: retroactividade da lei penal máis favorable.

4. A lei penal no espazo

- I. Principios reguladores.
- II. Lugar de comisión do delito.
- III. A extradición. A orde europea de detención e entrega.

TEORÍA XURÍDICA DO DELITO

5. O delito

- I. Concepto do delito.
- II. Suxeitos e obxectos do delito: A) Suxeito activo e pasivo. B) Obxecto material e xurídico.
- III. Clasificacións do delito.

6. A acción

- I. Formas da acción: acción en sentido estrito e omisión.
- II. As diversas concepcións da teoría da acción.
- III. A acción e os seus elementos.
- IV. A omisión: concepto e natureza.
- V. As clases de omisión: A) A omisión simple. B) A comisión por omisión.
- VI. Ausencia de acción: A) Movements reflexos. B) Estados de plena inconsciencia. C) Forza irresistible.

7. A tipicidade e a antixuridicidade

- I. A tipicidade: A) Concepto. B) Elementos. C) Funcións do tipo.
- II. Ausencia de tipicidade.
- III. A antixuridicidade: Concepto. Os elementos subxectivos do inxusto.
- IV. Ausencia de antixuridicidade: A) Lexítima defensa. B) Estado de necesidade.
- C) Cumprimento dun deber e exercicio lexítimo dun dereito, oficio ou cargo.
- D) O consentimento do ofendido.

8. A culpabilidade

- I. Concepto e estrutura.
- II. Natureza: as distintas teorías.
- III. A imputabilidade: Concepto. Momento da imputabilidade: “acciones liberae in causa”.
- IV. Ausencia de imputabilidade: A) Anomalía ou alteración psíquica. Trastorno mental transitorio. B) Intoxicación plena por bebidas alcohólicas ou drogas. Síndrome de abstinencia. C) Alteración grave da conciencia da realidade. V. A responsabilidade penal do menor.

9. A culpabilidade (continuación).

- VI. As formas de culpabilidade: A) O dolo: Concepto. Elementos. Clases. B) A culpa: Concepto e clases.
- VII. Ausencia de formas de culpabilidade: o erro.
- VIII. A esixibilidade de conduta adecuada á norma: a súa significación xurídico-penal.
- IX. Ausencia de esixibilidade. Causas de inculpabilidade baseadas no principio de non esixibilidade: A) Estado de necesidade subxectivo. B) Medo insuperable.

10. A Punibilidade

- I. Significación dogmática da punibilidade.
- II. As condicións obxectivas de punibilidade.
- III. Ausencia de punibilidade: As excusas absolutorias.

11. O “iter criminis”

- I. Actos internos.
- II. Actos preparatorios: A) Tipos construídos especificamente sobre actos preparatorios. B) Conspiración, proposición e provocación para delinquir.
- III. Actos de execución: a tentativa.
- IV. A consumación.

12. A participación no delito

- I. Autoría: autoría directa, coautoría e autoría mediata.
- II. As formas de participación: indución, cooperación necesaria e complicidade.
- III. Supostos especiais.

13. Unidade e pluralidade de delitos

- I. Pluralidade de accións e unidade de delito: A) Delito continuado. B) Delito permanente. C) Delito habitual.
- II. Pluralidade de accións e de delitos (concurso real).
- III. Unidade de acción e pluralidade de delitos (concurso ideal).

14. As circunstancias que modifican a responsabilidade criminal

- I. Cuestións comúns ás circunstancias atenuantes e agravantes.
- II. Atenuantes: A) Eximentes incompletas. B) Atenuantes xenéricas. C) Atenuantes por analogía.
- III. Agravantes.
- IV. A circunstancia mixta.

AS CONSECUENCIAS XURÍDICAS DO DELITO**15. A pena**

- I. Concepto.
- II. Fundamento e fins: as diversas teorías.
- III. A clasificación das penas no Código penal.

16. As penas privativas de liberdade

- I. Clases e cumprimento: prisión, localización permanente e responsabilidade persoal subsidiaria.
- II. Formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade e da liberdade condicional.

17. As penas privativas de dereitos

- I. Concepto e clases.
- A pena de multa**
- I. Multa proporcional e sistema de días-multa.

Consecuencias accesorias

- I. Especial referencia ao comiso.

18. A determinación da pena

- I. Individualización legal, xudicial e administrativa.
- II. A determinación da pena no Código penal: A) A metade superior e inferior. A pena superior e inferior en grao. B) Regras para a determinación da pena: a) O grao de execución. b) A forma de participación. c) A concorrencia de circunstancias modificativas. d) O concurso de delitos. e) Supostos especiais.

19. A extinción da responsabilidade criminal

- I. Causas.
- II. Cancelación de antecedentes penais.

20. A responsabilidade civil e as custas procesuais

- I. A responsabilidade civil nacida de delito ou falta: A) Contido. B) Persoas civilmente responsables.
- II. As custas procesuais.
- III. Cumprimento da responsabilidade civil.

21. As medidas de seguridade

- I. Concepto. Fundamento. Clases.
- II. Penas e medidas de seguridade. III. As medidas de seguridade na lexislación española.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Delimitación conceptual
2. Ámbito obxectivo
3. Procedemento de imposición
 - 3.1. Réxime de imposición
 - 3.1.1. Réxime de imposición imperativo
 - 3.1.2. Réxime de imposición potestativo
 - 3.2. Proceso de individualización
 - 3.3. Audiencia previa
4. Ámbito temporal
5. Procedemento de revisión
6. Incumprimento das obrigas ou prohibicións

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica titulada «A medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada» concentra os coñecementos básicos sobre unha lección da materia «Dereito Penal — Parte Xeral», impartida non segundo curso do Grao de Dereito. A súa duración será de corenta e cinco minutos que se distribuirán da seguinte forma: vinte minutos corresponderanse cunha clase expositiva e os restantes vinte e cinco minutos dedicaranse á realización dunha actividade práctica.

A preocupación polo tratamento dos denominados delinquentes perigosos é unha constante no noso ordenamento penal. Nas primeiras tentativas de elaboración dun novo texto punitivo, trala promulgación da CE, contiñase un tratamento diferenciado para eles que combinaba a aplicación conxunta dunha pena de prisión e dunha medida de seguridade privativa de liberdade (internamento nun centro de terapia social). Non obstante, o Código Penal de 1995 limitou a imposición das medidas de seguridade a dúas categorías de estado perigoso: i) os declarados inimputables por aplicación das eximentes previstas nos números 1ª, 2ª e 3ª do art. 20 CP (arts. 101 a 103 CP); ii) os declarados semiimputables por aplicación da eximente incompleta do art. 21.1ª CP en relación coas eximentes plenas dos números 1ª, 2ª e 3ª do art. 20 CP (art. 104 CP). Posteriormente a xurisprudencia ampliou este réxime aos supostos nos que concorre a atenuante do art. 21.2ª CP, así como as denominadas «atenuantes de contido psíquico» —as resultantes da posta en conexión da atenuante analóxica (art. 21.7ª CP) coa eximente incompleta do art. 21.1ª CP—.

España constituía unha especie de «istmo» respecto dos países da súa contorna cultural, ao non incorporar medida ningunha para o control dos delinquentes perigosos unha vez cumprida a pena de prisión. Apostábase en exclusiva pola introdución de mecanismos que incidían ben na determinación da pena, ben na súa execución.

Ante este estado de cousas, a doutrina española tiña reclamado a creación dunha categoría de estado perigoso para imputables, argumentando que unha pena axustada simplemente a súa culpabilidade non era o instrumento axeitado para facer fronte á ameaza que representaban.

No entanto, foi a alarma social causada pola saída de prisión do violador do Vall d'Hebron e do terrorista De Juana Chaos o que serviu de estímulo final ao lexislador para promover a articulación dunha medida que permitise controlar, unha vez cumprida a correspondente pena de prisión, a aqueles delinquentes con relación aos que a prisión fracasara no seu labor de resocialización.

De entre os diversos modelos que ofrece o dereito comparado, o lexislador español decidiuse por unha solución dualista creando a nova medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada. A este respecto sinálase no apartado IV da Exposición de Motivos da Lei Orgánica 5/2010, de 22 de xuño, que «a opción inocuidadora, que se traduciría na prolongación ilimitada e indiscriminada da privación de liberdade, choca (...) con principios elementais do Dereito Penal que a Constitución ampara». Polo tanto, era necesario «contemplar outras solucións que, sen cesar no esforzo rehabilitador que debe seguir inspirando o tratamento penitenciario, permitan conciliar as referidas esixencias constitucionais con outros

valores non menos dignos de tutela, como son a seguridade e a liberdade do resto dos cidadáns, potenciais vítimas do delinciente non rehabilitado que o sistema penitenciario devolve á sociedade». Esgotada a dimensión retributiva da pena, a perigosidade subsistente do suxeito atoparía a súa resposta idónea «nunha medida de seguridade».

OS OBXECTIVOS

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Comprender os diversos estados de perigosidade que se describen no Código Penal.
- Coñecer os requisitos esixidos para a imposición da medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada.
- Identificar os principais problemas prácticos que se derivan da súa regulamentación.
- Manexar con destreza os textos legais, a xurisprudencia, as monografías e as revistas científicas como ferramentas de información que faciliten a resolución das dúbidas.
- Expoñer, argumentar e defender unha idea con razoamentos xurídicos.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A exposición teórica sobre a medida de seguridade de liberdade vixiada abarcará os seguintes aspectos: o seu contido, o seu ámbito obxectivo, o seu procedemento de imposición e revisión, a súa duración e as consecuencias do seu incumprimento.

Non obstante, temos que subliñar que se ensinar equivale a transmitir un conxunto de coñecementos sobre o que «é», tamén implica provocar a reflexión sobre por que isto é así e fomentar o pensamento crítico sobre se debe ser dese xeito. Para a consecución deste obxectivo considérase axeitado acudir ao debate como ferramenta de aprendizaxe.

En suma, trátase de ofrecer ao alumnado unha visión clara e sistemática da liberdade vixiada mais, ao propio tempo, evidenciar cales son os específicos problemas prácticos e político-criminais que supón e os mecanismos de que dispoñen os operadores xurídicos para resolvelos.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Delimitación conceptual

A liberdade vixiada consiste no sometemento do condenado a un control xudicial a través do cumprimento pola súa parte dalgunha das seguintes medidas: a) a obriga de estar sempre localizable mediante dispositivos electrónicos que permitan

o seu seguimento; b) a obriga de presentarse periodicamente no lugar que o órgano xudicial estableza; c) a obriga de comunicar inmediatamente cada cambio de lugar de residencia así como do lugar ou posto de traballo; d) a prohibición de ausentarse do lugar onde resida ou dun determinado territorio sen autorización do órgano xudicial; e) a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o órgano xudicial; f) a prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o órgano xudicial; g) a prohibición de acudir a determinados territorios, lugares ou establecementos; h) a prohibición de residir en determinados lugares; i) a prohibición de desempeñar determinadas actividades que poidan ofrecerlle ou facilitarlle a ocasión para cometer feitos delituosos de similar natureza; j) a obriga de participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación sexual ou outros similares; k) a obriga de seguir un tratamento médico externo ou de someterse a un control médico periódico.

Estas prohibicións e obrigas poden clasificarse en asegurativas e correctoras. Entre as primeiras incluíriáanse aquelas que restrinxen a liberdade ambulatoria (art. 106.1.a, b, c, d, e, f, g, h) ou privan de determinados dereitos (art. 106.1.i); en tanto que na categoría das medidas con finalidade correctora enmarcaríanse a obrigas contempladas nas letras j) e k) deste art. 106.1 CP.

2. Ámbito obxectivo

A imposición da medida de liberdade vixiada só cabe nos casos en que así o dispoña expresamente o texto punitivo (art. 106.2 CP). En atención ao contexto mediático no que a medida foi promulgada, o seu ámbito de aplicación limitouse inicialmente aos delitos sexuais (arts. 178 a 194 CP) e de terrorismo (arts. 572 a 580 CP).

Esta opción do lexislador foi obxecto de diversas críticas, entre elas, a de non incluír no seu ámbito de aplicación perfís de delincuentes cunha probada inclinación ao delito. Por esta razón, o lexislador de 2015 procedeu conceptualizar como imputables perigosos, ademais dos suxeitos anteriormente mencionados, aos condenados pola comisión dalgún dos seguintes feitos: i) delitos comprendidos no título I («do homicidio e as súas formas») do Libro II do CP; ii) delitos abarcados no título III («das lesións») do Libro II do CP, cando a vítima sexa algunha das persoas mencionadas no art. 173.2 CP, é dicir, nos casos de violencia de xénero e violencia doméstica; iii) delito de maltrato habitual (art. 173.2 CP).

No entanto, non se entende por que se esta medida ten por fin a prevención especial, o seu ámbito de aplicación se circunscribe a concretos tipos delituosos. O lóxico sería que se xeneralizase a súa posible imposición con relación a calquera tipo penal e se concretase a súa execución conforme a un xuízo positivo de perigosidade do suxeito sobre a base de criterios tales como a gravidade do feito cometido, a habitualidade na súa comisión, etc.

A actual opción reguladora lévanos a dar a razón a aqueles que estiman que estamos ante unha manifestación propia do dereito penal do inimigo. Isto concrétase na admisión da imposición dunha medida de seguridade con posterioridade ao cumprimento dunha pena de prisión dándose prioridade —sobre

a súa culpabilidade— á suposta risco de reincidencia daqueles delinquentes que responden a determinados perfís criminolóxicos.

3. Procedemento de imposición

3.1. Réxime de imposición

O réxime de imposición da medida de liberdade vixiada difire segundo tipo delituoso polo que o suxeito sexa condenado.

3.1.1. Réxime de imposición imperativo

Nos casos de comisión dun delito grave ou menos grave contra a liberdade e a indemnidade sexual ou de terrorismo, a súa imposición devén obrigatoria —incluídos aqueles casos nos que sexa previsible a suspensión da execución da pena de prisión— non esixíndose, en consecuencia, nin a valoración do risco de reincidencia nin a previa petición de parte.

3.1.2. Réxime de imposición potestativo

Non obstante, tratándose dun delincente primario condenado pola comisión dun único delito menos grave —castigado, en abstracto, cunha pena de prisión de ata cinco anos— dos tipos aludidos, o órgano xudicial valorará a oportunidade da súa imposición en atención á existencia dun previo prognóstico de perigosidade criminal do autor. Este réxime de imposición potestativo é o que tamén impera, con independencia da gravidade do delito e da primariedade delituosa do condenado, respecto ao resto de delitos con relación aos que se pode decretar esta medida.

3.2. Proceso de individualización

A imposición da medida de liberdade vixiada terá lugar na sentenza condenatoria, sempre e cando o delito sexa castigado cunha pena de prisión. Nese momento, o órgano xudicial limitarase a establecer a medida en abstracto —sen determinar, xa que logo, o seu contido— e a fixar a súa duración.

Dous meses antes de que finalice o cumprimento da totalidade da pena de prisión, a Xunta de Tratamento do centro penitenciario no que se atope o penado —ou daquel ao que estivese adscrito no caso de estar a gozar do réxime de liberdade condicional— remitirá ao XVP un informe técnico sobre a evolución do suxeito. A súa finalidade é valorar o risco de reincidencia do suxeito ante a inmediatez da súa definitiva posta en liberdade. A vista de dito informe, o XVP elevará unha proposta ao órgano sentenciador que será quen determine a conveniencia da imposición da medida de liberdade vixiada e, no seu caso, o seu concreto contido. De estimarse que, á vista do prognóstico positivo de reinserción social, a execución da liberdade vixiada non é necesaria ditarase un auto motivado a tal efecto (art. 106.3.c CP).

Este procedemento de imposición da medida diferido en dous momentos foi obxecto de diversas críticas. Conforme á opinión dun sector doutrinal, o seu establecemento na sentenza condenatoria supón unha presunción *iuris tantum* de perigosidade futura, isto é, de que a mesma subsistirá tralo cumprimento da pena de prisión. Na súa opinión, se a súa execución se vai pospor no tempo ata a finalización da pena de prisión, o máis lóxico sería que a decisión de impoñela se adoptase ao constatar o risco de reincidencia do suxeito nese preciso intre. En cambio, outros autores sosteñen que o feito de que a liberdade vixiada se decrete ao ditarse a sentenza condenatoria é o presuposto necesario para que teña lugar esa posterior valoración. Insístese en que, de non procederse deste xeito, non sería posible a súa adopción posterior pois isto suporía unha infracción do principio *ne bis in idem* ao establecerse unha nova sanción por un feito xa previamente castigado.

Unha solución que —entendemos— daría satisfacción aos defensores de ambas as posturas sería a de aplicarlle o mesmo réxime de cumprimento que á pena accesoria de afastamento (sucesivo e simultáneo ao da pena de prisión). Unha previsión deste teor permitiría liquidar os dous principais problemas que suscita a súa execución: a súa concorrencia coa pena accesoria de afastamento e a dificultade de encaixar a súa execución no sistema progresivo de cumprimento da pena.

3.3. Audiencia previa

A decisión sobre a non imposición da medida de liberdade vixiada do mesmo xeito que a relativa á determinación do seu concreto contido esixe a previa audiencia do penado e do Ministerio Fiscal (en adiante MF). As vítimas —tanto as personadas no proceso como aquelas que, sen telo feito, o soliciten ao comezo ou en calquera momento da execución da sentenza— tamén poderán participar neste procedemento contraditorio (art. 98.3 CP). Trátase dunha previsión de singular importancia, máxime si temos en conta que algunhas das prohibicións enumeradas no art. 106.1 CP están directamente orientadas á súa protección.

4. Ámbito temporal

A duración da medida de liberdade vixiada abarca dun a dez anos. Para adecuar a súa extensión ao caso particular tomarase en consideración a gravidade ben do delito ben da pena imposta.

Cando se cometa un ou máis delitos menos graves contra a liberdade ou indemnidade sexual, a medida de liberdade vixiada terá unha duración dun a cinco anos; en tanto que se se trata dun delito grave esta será de cinco a dez anos. Pola contra, no marco dos delitos de terrorismo a súa extensión temporal farase depender da gravidade da pena imposta. En cambio, carecemos de toda indicación sobre cal destes dous criterios será o empregado para a determinación da duración da medida con relación ao resto de delitos contemplados no seu ámbito obxectivo de aplicación.

A delimitación dentro das marxes penolóxicas anteriormente sinaladas da concreta duración da liberdade vixiada queda á completa discrecionalidade do órgano xudicial, a salvo o respecto ao principio acusatorio. Para isto tomarase en

consideración, entre outros factores, a existencia ou non de información da que inferir un prognóstico de reincidencia futura, a duración da pena de prisión imposta, a extensión da pena accesoria de afastamento, a entidade dos feitos perpetrados, as circunstancias do autor, a ausencia de arrepentimento, etc.

5. Procedemento de revisión

En tanto medida de seguridade, o seu mantemento no tempo dependerá exclusivamente da perigosidade criminal do suxeito podendo modificarse en función da evolución que aquel experimente. Para acreditar a súa subsistencia, o XVP está obrigado a elevar ao órgano sentenciador, polo menos anualmente, unha proposta de mantemento, cese, substitución ou suspensión. Para isto, o XVP deberá valorar os informes emitidos polo servizo de xestión de penas e medidas alternativas que asista ao suxeito, polas Administracións Públicas competentes así como, no seu caso, o resultado das demais actuacións que a este fin ordene (art. 98.1 CP).

Recibida a proposta, o órgano sentenciador deberá, mediante auto, decidir sobre os seguintes extremos (art. 106.3 CP): i) manter a medida; ii) modificar as obrigas e prohibicións impostas; iii) reducir a duración da liberdade vixiada; iv) decretar o seu fin en atención ao prognóstico positivo de reinserción. Isto esixirá a previa audiencia do penado, do MF e das vítimas nos termos anteriormente referidos (art. 98.3 CP).

6. Incumprimento das obrigas ou prohibicións

No apartado cuarto do art. 106 CP contémlanse as consecuencias do incumprimento das prohibicións ou obrigas impostas no marco da liberdade vixiada. Esta regulación súmase á do réxime xeral de infrinximento das medidas de seguridade previsto no art. 100 CP. Novamente obsérvase un solapamento entre as distintas regulacións que poden resultar, en determinados supostos, contraditorias.

Así, en caso de incumprimento dunha ou varias desas obrigas ou prohibicións, o órgano xudicial, á vista das circunstancias concorrentes e, previa proposta do XVP (art. 98 CP), poderá modificalas. O precepto non establece ningún límite en canto a esta facultade, de tal xeito que se orixinariamente se estableceron catro medidas e so se incumpriron unha ou dúas delas, poderá optar por substituílas todas por unha, por tres ou mantelas e engadir algunha máis.

Os requisitos para deducir testemuño polo delito de quebrantamento difiren na redacción dos arts. 100.3 e 106.4 CP:

- i. Conforme ao art. 100.3 CP, o incumprimento da medida imposta, aínda que sexa nunha soa ocasión, dará lugar á comisión dun delito de quebrantamento. Exceptúase desta previsión a negativa do suxeito a someterse a un tratamento médico ou a continuar o inicialmente consentido (art. 100.3 CP). Nestes casos, o órgano xudicial poderá acordar a substitución do tratamento rexeitado por outra das obrigas ou prohibicións —preferentemente de carácter terapéutico— que integran a medida de liberdade vixiada.

- ii. Do teor literal do art. 106.4 CP derivase que a dedución de testemuño pola comisión dun presunto quebrantamento de condena só terá lugar naqueles casos en que concorran, en tanto que reveladores da «vontade do penado de non someterse ás obrigacións ou prohibicións impostas», algunha das dúas seguintes circunstancias: a) un incumprimento reiterado, é dicir, en máis de dúas ocasións; b) un incumprimento grave, feito que terá lugar cando se infrinxan, á vez, varias das obrigas ou prohibicións impostas.

En caso de apreciarse a comisión dun delito de quebrantamento da medida de liberdade vixiada ao autor seralle de aplicación o subtipo agravado previsto no art. 468.2 CP. Este está castigado cunha pena de prisión de seis meses a un ano, período durante o cal a execución da medida de liberdade vixiada quedará en suspenso.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

O «afastamento» configúrase como a pedra angular sobre a que o lexislador construíu o sistema de protección da vítima no noso ordenamento xurídico. Boa proba disto é a multifuncionalidade que se predica do mesmo configurándoo como primeira dilixencia (art. 13 LACrim), medida cautelar (art. 544 bis LACrim), pena accesoria (art. 48 CP), regra de conduta (arts. 83, 90.5, 92.3 CP) e prohibición integrante da medida de seguridade de liberdade vixiada (art. 106.1 CP). Isto dá lugar a supostos de coexistencia e solapamento que se traducen en problemas de aplicabilidade que non foron obxecto de expreso tratamento polo lexislador. Pois ben, sobre esta cuestión versará a actividade proposta a cal se enmarca, como xa adiantamos, na metodoloxía do debate construtivo e científico.

Os temas sobre os que xirará a discusión son o seguintes:

- i. a compatibilidade entre a pena accesoria de afastamento e a medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada.
- ii. a compatibilidade entre a liberdade condicional e a medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada.

1. A compatibilidade entre a pena accesoria de afastamento e a medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada

A comisión dun delito de maltrato habitual será castigada cunha pena de prisión de seis meses a tres anos e a privación do dereito a tenza e porte de armas de tres a cinco anos (art. 173.2 CP). Tamén debe imporse de forma obrigatoria a pena accesoria de afastamento por un período que non exceda dos cinco anos (art. 57.2 CP).

De acordarse polo órgano xudicial a imposición da medida de seguridade de liberdade vixiada:

- i. Procedería impor no marco da citada medida de seguridade unha prohibición de aproximarse á vítima?
- ii. En caso de ser afirmativa a resposta, debería observarse algún requisito adicional?
- iii. De imporse conxuntamente, as consecuencias penais do incumprimento do afastamento son as mesmas en ambos casos?
- iv. Para evitar posibles problemas de compatibilidade entre ambas sancións penais, que solucións se poderían artellar?

2. A compatibilidade entre a liberdade condicional e a medida de seguridade pospenitenciaria de liberdade vixiada

Lois foi condenado, no 2015, a cinco anos de prisión por maltratar habitualmente a súa parella Xiana. Tamén se lle impuxeron as prohibicións de aproximarse a vítima nunha distancia de 500 metros e de comunicarse con ela por calquera medio durante un período de cinco anos. Así mesmo, o órgano xudicial acordou decretar a medida de seguridade de liberdade vixiada cunha duración de cinco anos.

No ano 2020, faltando dous meses para a posta en liberdade definitiva de Lois, e estando este gozando da liberdade condicional, a Xunta de Tratamento do centro penitenciario de Monterroso reuniuse para remitir ao XVP un informe técnico sobre a súa positiva evolución. Á vista deste informe, o XVP elevou ao órgano sentenciador a súa proposta para que este proceda a determinar a conveniencia da imposición da medida de liberdade vixiada e, no seu caso, o seu concreto contido.

Neste caso:

- i. O órgano xudicial poderá acordar o inicio da execución da liberdade vixiada?
- ii. En caso de ser afirmativa a resposta, que aspectos deberá ter en conta o órgano xudicial á hora de delimitar o seu contido?
- iii. Cal é o perfil dos suxeitos para os que está pensada a liberdade vixiada?

AVALIACIÓN

A realización satisfactoria das actividades propostas computarase conxuntamente coas restantes prácticas que o alumnado deben completar ao longo do semestre. Estas representan o 20 % da nota global final.

Polo que respecta á concreta valoración da actividade que se vai a realizar no marco desta unidade didáctica terase en conta a capacidade de interrelacionar os conceptos estudados, a coherencia na argumentación, a capacidade contra-argumentativa, o pensamento crítico e o axeitado emprego da linguaxe técnica.

BIBLIOGRAFÍA

ACALE SÁNCHEZ, María (2010): *Medición de la respuesta punitiva y Estado de Derecho*, Pamplona: Ed. Aranzadi.

—(2010): “Libertad vigilada: artículos 106, 192 y 468 CP”, en F.J. Álvarez García y J.L. González Cussac (dirs.), *Consideraciones a propósito del proyecto de ley de 2009 de modificación del Código penal (Conclusiones del Seminario interuniversitario sobre la reforma del Código penal celebrado en la Universidad Carlos III de Madrid)*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.

ARMAZA ARMAZA, Emilio José (2013): *El tratamiento penal del delincuente imputable peligroso*, Granada: Ed. Comares.

- BENÍTEZ ORTÚZAR, Ignacio Francisco (2011): “La nueva «medida de seguridad» de «libertad vigilada» aplicable al sujeto imputable tras el cumplimiento de la pena privativa de libertad. La admisión de los postulados del «derecho penal del enemigo» por la LO 5/2010”, *Cuadernos de Política Criminal*, núm. 103, pp. 95-132.
- BOLDOVA PASAMAR, Miguel Ángel (2009): “Consideraciones político-criminales sobre la introducción de la libertad vigilada”, en *ReCrim*, pp. 290-315. En <<https://www.uv.es/iccp/reccrim/reccrim09/reccrim09a05.pdf>>.
- CARUSO FONTÁN, María Viviana (2014): *El delincuente imputable y peligroso. Cuestiones de política criminal*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.
- CID MOLINÉ, Josep (2012): “La medida de seguridad de libertad vigilada (artículos 106 CP y concordantes)”, en J.M. Silva Sánchez (dir.), *El nuevo Código Penal. Comentarios a la reforma*, Madrid: Ed. La Ley, pp. 181-202.
- DEL CARPIO DELGADO, Josefa (2012): “La medida de seguridad de libertad vigilada para delincuentes imputables”, *Revista de Derecho Penal y Proceso Penal*, núm. 27, pp. 155-198.
- FEIJOO SÁNCHEZ, Bernardo (2013): “La libertad vigilada en el Código Penal y las víctimas del terrorismo”, en F. Vázquez-Portomeñe Seijas y G. Guinarte Cabada (eds.), *Hacia un sistema penal orientado a las víctimas: el estatuto penal, procesal y asistencial de las víctimas de terrorismo*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch, pp. 81-122.
- (2011): “La libertad vigilada en el Derecho penal de adultos”, en J. Díaz-Maroto y Villarejo (dir.), *Estudios sobre las reformas del Código penal (Operadas por las LO 5/2010, de 22 junio, y 3/2011, de 28 enero)*, Pamplona: Ed. Civitas-Thomson Reuters, pp. 213-240.
- GARCÍA ALBERO, Ramón (2010): “La nueva medida de libertad vigilada”, *Revista Aranzadi Doctrinal*, num. 6, pp. 1-8.
- (2009): “Ejecución de penas en el proyecto de reforma. Estudio de un problema concreto: ¿qué hacer con los reos habituales o reincidentes en los que subsiste la peligrosidad criminal tras el licenciamiento definitivo?”, en F.J. Álvarez García (dir.), *La adecuación del derecho penal español al ordenamiento de la Unión Europea. La política criminal europea*, Valencia; Ed. Tirant lo Blanch, pp. 127-140.
- GARCÍA RIVAS, Nicolás (2013): “La libertad vigilada y el derecho penal de la peligrosidad”, en R. Rebollo Vargas y F. Tenorio Tagle (dirs.), *Derecho Penal Constitución y Derechos*, Ed. Bosch, Barcelona, pp. 137-167.
- (2011): “La libertad vigilada y el derecho penal de la peligrosidad”, *Revista General de Derecho Penal*, nº 16, 2011, pp. 1-27.
- GUDÍN RODRÍGUEZ-MAGARIÑOS, Faustino (2012): *La nueva medida de seguridad postdelictual de libertad vigilada. Especial referencia los sistemas de control telemáticos*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch, Valencia.
- HUERTA TOCILDO, Susana (2013): “Una extraña consecuencia del delito: la libertad vigilada”, en F.J. Álvarez García, M.Á. Cobos Gómez de Liñares, P. Gómez Pavón, A. Manjón-Cabeza Olmeda, A. Martínez Guerra (coords.), *Libro Homenaje al profesor Luis Rodríguez Ramos*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, pp. 117-138.

- JIMÉNEZ MARTÍNEZ, Custodia (2012): “La libertad vigilada en el CP de 2010. Especial mención a la libertad vigilada para imputables peligrosos”, *Revista de Derecho Penal y Criminología*, 3ª Época, núm. 7, pp. 13-50.
- MARTÍNEZ GARAY, Lucía (2014): “La libertad vigilada: regulación actual, perspectivas de reforma y comparación con la Führungsaufsicht del Derecho penal alemán”, *Revista General de Derecho Penal*, núm. 22, pp. 1-74.
- PÉREZ RIVAS, Natalia (2018): “Imputables y peligrosidad: la medida de libertad vigilada en el sistema penal español”, *Cartapacio de Derecho*, núm. 33.
- REBOLLO VARGAS, Rafael (2010): “Libertad vigilada: artículos 100.3, 106.2 y 106.4 CP”, en F.J. Álvarez García y J.L. González Cussac (dirs.), *Consideraciones a propósito del proyecto de ley de 2009 de modificación del Código penal. (Conclusiones del Seminario interuniversitario sobre la reforma del Código penal celebrado en la Universidad Carlos III de Madrid)*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch, Valencia.
- (2010): *La llibertat vigilada: pena accessòria o mesura de seguretat contra els condemnats per delictes sexuals i delictes de terrorisme*, Barcelona: Centre d’Estudis Jurídics i Formació Especialitzada.
- SALAT PAISAL, Marc (2016): “Regulación actual de la medida de seguridad de libertad vigilada y su aplicación por parte de los tribunales”, *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, vol. 20, pp. 161-187.
- (2015): *La respuesta jurídico-penal a los delincuentes imputables peligrosos: especial referencia a la libertad vigilada*, Pamplona: Ed. Aranzadi.
- SANTANA VEGA, Dulce María (2010): “La pena de libertad vigilada en casos de delitos de terrorismo: lo viejo, lo nuevo, lo útil y lo inútil. Análisis del anteproyecto de 2008 de reforma del Código penal de 1995”, en S. Mir Puig y Joan J. Queralt Jiménez (dirs.), *La seguridad pública ante el derecho penal*, Madrid: Ed. Edisofer.
- SANZ MORÁN, Ángel José (2011): “La nueva medida de libertad vigilada: reflexión político-criminal”, en F.J. Muñoz Conde, J.M. Lorenzo Salgado, J.C. Ferré Olivé, E. Cortés Bechiarelli, M.Á. Núñez Paz (dirs.), *Un derecho penal comprometido: libro homenaje al prof. Dr. Gerardo Landrove Díaz*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch, pp. 997-1028.
- (2010): “Reflexiones en torno a la idea de libertad vigilada”, en C. Arangüena Fanego (dir.), *Espacio europeo de libertad, seguridad y justicia: últimos avances en cooperación judicial penal*, Valladolid: Ed. Lex Nova, Valladolid, pp. 289-301.
- SIERRA LÓPEZ, María del Valle (2013): *La medida de libertad vigilada*, Valencia: Ed. Tirant lo Blanch, Valencia.
- TORRES ROSELL, Nuria (2012): “Libertad vigilada y seguimiento continuado de penados: contenido e implicaciones político criminales”, *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 14-06, pp. 1-45. En <<http://criminet.ugr.es/recpc/14/recpc14-06.pdf>>



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA